



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 19 DE DECEMBRO DE 2017.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día dezanove de decembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

- **D^a. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA**
- **D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ.**
- **D. CARLOS POUSA ESTÉVEZ.**
- **D. ALEJANDRO LODEIRO RODRÍGUEZ.**
- **D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ.**

Non asiste D. Ángel González Vázquez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 30 DE NOVEMBRO DE 2017.- Intervén o Sr. Carreiro Estévez, para chamarlle mentiroso o Alcalde, dado que no último Pleno manifestara que o seu fillo non participaba nun obradoiro, e non é certo.

Por Secretaría se lle require para que aclare tal manifestación, dado que na acta do Pleno figura que a Alcaldía manifestou que o seu fillo, xunto cos outras persoas aí relacionadas, participaban no obradoiro da Mancomunidade do Ribeiro, polo que tal apreciación supón declarar unha falsidade na acta por parte de secretaría.

O Sr. Carreiro Estévez manifesta que non quere dicir que exista falsidade na acta, e que posiblemente non oiu tal manifestación.

Nun cruce de intervencións, a Alcaldía alude a que o Sr. Carreiro Estévez “estás buscando”, o que figura en acta por expreso desexo do Sr. Lodeiro Rodríguez.

Apréciase que figura como asistente á mesma D. Ángel González Vázquez, debendo figurar D. Carlos Pousa Estévez.

Rematadas as intervencións, Unha vez realizada a rectificación, apróbase a Acta por UNANIMIDADE.

2.- PRESUPOSTO MUNICIPAL 2018- O Sr. Alcalde manifesta, acto seguido, que según consta na convocatoria debe procederse o exáme e aprobación, no seu caso, do Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2018 cúa estrutura acomódase a normativa vixente en materia de Réxime Local, e o seu desenrolo adáptase as prescricións que sinala o artigo 164 e concordantes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo e R.D. 500/90, do 20 de abril. Encóntranse sobre a mesa os documentos esixidos polo artigo 165 do referido R.D.L. e disposicións complementarias, así como o Dictáme da Comisión Especial de Contas, emitido en senso favorable.

Dase conta dos capítulos que compoñen o Orzamento Municipal, de xeito pormenorizado, propoñéndose pola Presidencia a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobación do Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2018, cúa cuantía queda fixada, tanto en Gastos como en Ingresos, nun total de SEISCENTOS SESENTA



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

E OITO MIL TRESCENTOS EUROS (668.300,00 €), asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS:

1.- Gastos de persoal	117.880,00 eur.
2.- Gastos correntes en bens e servizos	124.000,00 eur.
3.- Gastos financeiros.....	1.000,00 eur.
4.- Transferencia correntes.....	64.000,00 eur.
6.- Inversións reais	361.420,00 eur.
TOTAL ESTADO DE GASTOS	668.300,00 eur.

ESTADO DE INGRESOS:

1.- Impostos directos	156.500,00 eur.
2.- Impostos indirectos	6.000,00 eur.
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.....	64.300,00 eur.
4.- Transferencias correntes	169.000,00 eur.
5.- Ingresos patrimoniais.....	1.000,00 eur.
7.- Transferencias de capital.....	271.500,00 eur.
TOTAL ESTADO DE INGRESOS.....	668.300,00 eur.

Resultando, polo tanto, que o Orzamento aprobado non presenta déficit inicial, co que se cumpre o requisito establecido polo artigo 165.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento, redactadas na forma que dispón o artigo 165 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, así como o cadro de persoal da Corporación, elaborada según as disposicións legais.

3.- Que se expoña o público por prazo de quince días hábiles, a efectos de exáme e reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 112.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, e que determina o artigo 169 do xa repetido R.D.L.

4.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, resumido por Capítulos, segundo prescribe o citado artigo 169, e en outro caso operarase de acordo co previsto no mesmo artigo.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación, obtense o seguinte resultado: CATRO (4) votos a favor e DOUS (2) votos en contra, quedando, polo tanto, aprobada a proposta e elevada a acordo.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo ás doce horas e quince minutos, de tódo-lo que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. Senén Pousa Soto.

O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández Loureiro.